



Acta da Comisión Delegada

Luns, 2 maio de 2023

Lugar: Reunión por medios telemáticos

Hora: 20:00 horas

Orde do día:

- 1.- Modificacións Regulamentarias
- 2.- Modificacións do calendario oficial
- 3.- Rogos e Preguntas

Asistentes:

Presidente- Javier Campos Peña

Secretaría Xeral- Mónica Flores Ferreiro

Enrique Hernández Moldes (Triatlón Rías Baixas)

Paloma Herbello (Triatlón Santiago)

Gustavo Álvarez (AD Fogar)

Patricio Fariás Forneiro

Pablo Cabanelas Eiras

Desenvolvemento da sesión e Acordos Adoptados

Comeza a sesión ás 20:05 h.

1- Modificacións regulamentarias.- Cronometraxe de competición.

O presidente expón que se recibiu unha queixa en relación ao aluguer ou merca de chip para algunhas probas federativas aboando unha cota a un proveedor externo. Valorase a situación e a regulamentación que se está aprobando, así coma o feito de estar na metade da tempada e con regulamentos aprobados en funcionamento e acordase promover de cara á regulamentación da nova tempada 2024, a inclusión dun artigo que prohiba cobrar taxas a maiores a ningún deportista pola merca ou aluguer de chip. A estes efectos adquirese o compromiso de contactar cos organizadores e solicitar que o xestionen coas empresas de cronometraxe que elixan para as súas probas para dar cumprimento ao mesmo.

2.- Calendario Oficial. Modificacións

Aprobase a celebración do Campionato Galego de Dúatlon de Menores (BX/AL/IN), en Cedeira o 10 de xuño, no que se incluírá unha clasificación inclusiva ademais das probas de promoción prebenxamín e cadete.

Apróbase a modificación de data, debida ao cambio do Campionato de España de Triatlón de A Coruña, do Campionato Galego de Triatlón de Menores (BX/AL/IN) e Súper Sprint CD/XV/JN de Ferrol que quedaría calendarizado para o 15 de xullo.

3.- Rogos e preguntas

Non habendo rogos e preguntas péchase a sesión ás 21:00

Asdo.- A Secretaría Xeral
Mónica Flores Ferreiro

FEGATRIIB
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN
E PENTATLÓN MODERNO

Asdo.- O presidente
Rúa Castelo 2
27001 Lugo, T. 982 251 544
Javier Campos Peña
N.I.F.: V36703932